

## ENTROIDO 2017-2018 (CPR PLURILINGÜE SAGRADO CORAZÓN)

### Obxectivos:

- Desfrutar dunha festa con grande tradición e arraigo na nosa comunidade máis próxima.
- Manifestar interese por compatir cos compañeiros e compañeiras e cos adultos momentos e situacións lúdicas como disfrazarse, maquillarse, bailar e actividades expresivas.
- Aprender a controlar situacións e sentimentos novos, adecuando o comportamento do alumnado ás necesidades.
- Descubrir e utilizar as posibilidades motrices, sensitivas e expresivas de cada un para realizar actividades como bailes ou representacións de cancións.


### Actividades entroido:

- **Decoración entrada e portería:** a portería estará decorada cun meco e con outra decoración típica de entroido, mentres que a porta de entrada do colexio terá unha pequena decoración durante o día 9 de febreiro, do modo que se indica a continuación (exceptuando que en vez de globos haberá un anteface).



- **Actividades semana 5-9 de febreiro**

- Porase un **meco na portería** do colexio desde o luns 5 de febreiro para que o alumnado saiba o que pode traer ao día seguinte (**a participación nesta actividade por parte do alumnado tamén será voluntaria**) (ata o xoves 8 de febreiro), como se pode ver nas seguintes imaxes:



- Levarase a cabo un pequeno **concurso de máscaras** que se exporán na portería do colexio (de igual modo que se fai en Samaín). A realización das mesmas terá un **carácter voluntario** e o alumnado realizaraas na casa.
- **Educación Infantil** realizará unha serie de **máscaras e antefaces** nas aulas coa axuda das titoras (a realización das mesma terá **carácter voluntario** e as mestras adecuarán a súa realización aos tempos que consideren axeitados).

○ **Festa de entroido (9 de febreiro – organización e horario):**

- **Organización:** o alumnado de 4º E.S.O. axudará a realizar un pequeno concurso do mesmo modo que un programa televisivo de música (**OT do entroido**).

Para que a actividade se poida desenvolver da mellor maneira posible, o alumnado de Educación Infantil, Educación Primaria (por ciclos) e E.S.O. (cada curso) realizará unha **pequena actuación** (baile, coreografía, canción, chirigota...) **de aproximadamente dous minutos de duración.**

**Se é preciso algunha canción deberá ser comunicada e copiada nun pen para entregar aos responsables do entroido.**

Durante este día, o encargado do equipo de son e da música será Yannick.

- **Horario:**

- Horario do día:
  - 09:00 – 13:30 E.S.O.
  - 09:35 – 13:30 E.I. e E.P.
- Horario das actividades:
  - E.S.O. (09:00 – 11:00): ensaio de chirigotas, bailes, actuacións **cos mestres correspondentes en cada hora.** Se @s titor@s se poñen de acordo cos mestres que teñen clase nesas horas, poderán coordinarse para cambialas e así poder ensaiar doutra forma se o precisaran.
  - E.I e E.P. (09:35 – 11:00): ensaio de chirigotas, bailes, actuacións **cos titores de cada curso.** Se @s titor@s se poñen de acordo cos mestres que teñen clase nesas horas, poderán coordinarse para cambialas e así poder ensaiar doutra forma se o precisaran.
  - 11:00 Todo alumnado do centro baixará ao patio (**co mestre que estea nese momento na aula**).
  - 11:00 – 11:30 Desfile dos cursos e colocación (**con música de fondo e axudados polo alumnado de 4º E.S.O. e parte do profesorado responsable do entroido**).
  - 11:30 – 12:30 Presentación “OT do entroido” (alumnado de 4º E.S.O.) e actuación de todos os cursos.
  - 12:30 – 13:00 Entrega de premios por parte da comisión do entroido.
  - 13:00 – 13:30 Tempo para baile no patio (con música de fondo e baixo a vixilancia d@s mestr@s alí ubicados).
  - 13:20 Saída do alumnado de E.I.
  - 13:30 Saída do alumnado de E.P. e E.S.O.